

## ¿CANTO É, E DE ONDE VEN, A DEUDA DO CONCELLO DE RIBADUMIA?

O Bloque Nacionalista Galego considera que os veciños de Ribadumia teñen dereito a saber a canto ascende a débeda acumulada polo Concello, así que a continuación facemos un desglose cos datos dos que dispoñemos.



➤ DÉBEDAS CON ENTIDADES BANCARIAS E COA ADMINISTRACIÓN:  
(Os datos que temos son de Xullo do ano pasado, xa que aínda non se presentou á corporación a liquidación do 2003)

CONCEPTO	Pendente de pago a Xullo do ano 2003
Préstamo solicitado no BANESTO, sendo alcalde do P.P o señor Barral.	96.370,57.- Euros
Crédito solicitado á Deputación sendo alcalde tamén Barral.	72.121,44.- Euros
Crédito solicitado á Deputación, no 2002, sendo alcaldesa Salomé Peña.	116.581,34.- Euros
<b>TOTAL DÉBEDA CON ENTIDADES E ADMINISTRACIÓN</b>	<b>285.073,35.- Euros</b>

### ➤ OUTRAS DÉBEDAS:

- A Empresa **COVSA** reclámalle ao Concello mais de **205.000.- Euros (34 millóns de pesetas)**, dunhas obras realizadas nos anos 1986 e 1987.
- O Concello está obrigado por sentenza xudicial a pagarlle a un particular unha indemnización que ronda os **18.000.- Euros cos intereses**, por uns danos realizados na súa propiedade con motivo das obras de ampliación do Polígono.
- Unha empresa reclama xudicialmente ao Concello de Ribadumia obras por un importe superior a **411.000.- Euros (68 millóns de pesetas)**, mais os intereses dende a realización das obras.

18 AROUSA Faro de Vigo, 7-12-2003

### El BNG exige que se clarifiquen las deudas con empresas de Cabanelas

Miembros de la PP e IR por "non prestar atención" a la cuenta general de 2002. Suspecha que se está beneficiando a varias empresas en la liquidación de Santa Lucía.

## SITUACIÓN ACTUAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL.

A xestión totalmente irregular que se fixo sempre do Polígono Industrial non é ningunha novidade e xa foi denunciada moitas veces polo BNG. Comentamos as últimas novas, que veñen, unha vez mais, a darnos a razón cando o BNG era o único en dicir que as cousas non se fixeron ben.



Resulta que, a día de hoxe, restan unicamente por cobrarse de tódalas parcelas do Polígono as de tres propietarios, procedentes de convenios urbanísticos asinados nos anos 2000 e 2001, e que entre os tres suman **473.363.- Euros pendentes de cobro**.

**Pero tamén se informou que, debido a que estes convenios son unha chapuza**

(non se establecen datas de pago, non figuran cláusulas para actuar en caso de incumprimento...), **o Concello pode ter problemas, tanto para esixir o cumprimento dos convenios como para reclamar os importes que deben os propietarios ou, incluso chegado o caso, para recuperar os terreos en caso de impago. Esta situación supón un GRAVE PROBLEMA PARA O CONCELLO, e polo que parece ten moi mala solución .....**

E é que o que mal empeza, mal acaba....

Máis información do BNG:  
Www.bng-galiza.org/osalnes  
E-mail: salnes@bng-galiza.org



# BLOQUE

## Boletín informativo



Ribadumia, xullo 2004

DEP- LEGAL PO-200-97

Impreso postal sen enderezo

## 25 de xullo: Día da Patria

# GALIZA VAI CONTIGO

Un ano máis o vindeiro 25 de xullo os galegos e as galegas tomaremos civicamente as rúas de Compostela, convencidos de que é desde nós propios como os nosos problemas colectivos poden vir a ter arranxo, que é desde nós propios como realmente podemos ser unha nación que produza riqueza material e cultural.



O Día da Patria é xa unha referencia para todos aqueles que sen preconceitos se queiran debuzar sobre a realidade social galega, e neste ano 2004 o BNG convócao baixo o lema **Galiza vai contigo**; facendo deste xeito un chamamento ao compromiso activo dos galegos e galegas coa nosa nación, porque o que esta sexa vai depender de nós.

Galiza debe aproveitar no novo contexto político que se dá a nivel do Estado a oportunidade de satisfacer plenamente a demanda maioritaria da nosa sociedade: máis autogoberno para ter máis liberdade e máis benestar; máis autogoberno para a dignificación da nosa lingua e cultura e o respecto á nosa identidade nacional.

O compromiso do BNG é pór a nosa vontade, os nosos recursos e o noso talento para aproveitar con ambición, sen límites e sen complexos, esta oportunidade para asegurar o noso futuro como pobo. Neste camiño queremos contar con toda a sociedade galega; todos e todas debemos participar na construción da Galiza do futuro, un futuro no que teñamos capacidade de decisión propia, para defender os nosos intereses e aplicar deseños económicos, sociais e culturais que nos permitan construír a Galiza do Benestar.

## MANIFESTACIÓN NACIONAL ÁS 12H. DA MAÑÁN NA ALAMEDA DE COMPOSTELA

La iniciativa fue debatida en la junta de portavoces celebrada en la noche de ayer

## El BNG propone las bases para regular las ayudas a asociaciones

Los nacionalistas de Ribadumia pretenden establecer una cantidad fija en los presupuestos municipales para apoyar a las diferentes entidades y fijar unos baremos para optar a las subvenciones

"Queremos un reparto más xusto"

Ramón Mourino, exalcalde ayer, junto a María Fraguas, ex edil nacionalista en Ribadumia, que la decisión del BNG de presentar una propuesta de bases responde a su intención de "participar do sistema de reparto que se viña levando a cabo..."

Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos **informar a tod@s @s veciñ@s** de que por fin o noso Concello vai contar cunhas bases polas que rexerá o reparto de subvencións a entidades deportivas e asociacións sen ánimo de lucro. Este foi un compromiso que o BNG conseguiu arrancar tanto do PP como dos Independentes en novembro do 2003 pero que ningún parecía ter interés en levar a cabo. Así, o **BNG** púxose a traballar arreo no tema e **elaborou unhas bases** co obxectivo de establecer uns **criterios claros e xusto** para o reparto das partidas que se adiquen a fomentar actividades nos eidos do asociaicionismo.

Pretendemos con esto rematar coa política do reparto por subasta "¿Canto lle damos a este?", e que así reciban as axudas aquelas entidades que realmente as precisan e non por cuestións de amiguismo. Os beneficiarios desta medida sacada adiante gracias ao traballo do BNG, somos todos os veciños/as xa que o traballo destas asociacións repercute moi positivamente en todos nós.

Algo moi importante a destacar é que **a adxudicación destas axudas xa non é patrimonio da alcaldesa nen do PP nen de ninguén**, senón que as axudas pasa a decidilas a Comisión de Cultura onde estamos representados todos os grupos e **ninguén ten maioría para conceder nen excluír** a ningunha destas entidades.

As asociacións que poden ser perceptoras divídense en tres grupos:

1. Asociacións de carácter veciñal, parroquial e específicas (xuvenil, da 3ª idade...)
2. Clubes deportivos
3. Entidades músico-culturais, culturais ou de defensa do medio ambiente.

No que se refire aos **clubes deportivos**, preténdese favorecer a todos aqueles clubs que promocionen o deporte de base, calquera que sexa o deporte a practicar.

Nas **asociacións veciñais, parroquiais ou específicas**, o que se tenta é axudar a aquelas entidades que desenvolven as súas actividades ao longo de todo o ano, así como as que realicen un labor de interese especial para o concello.

A respecto das **entidades músico-culturais, culturais ou de defensa do medioambiente**, o que vai ser valorado cun maior interese é a formación estábel de alumnos, o número de monitores así como aquelas actividades que recuperan as tradicións e a cultura galegas.

NORABOA  
ASOCIACIÓNS  
DE RIBADUMIA!!!

# ORZAMENTOS DO CONCELLO DE RIBADUMIA.

Cando estamos a mediados de ano, no Concello de Ribadumia segue se tratarse o orzamento previsto para o presente ano 2004.

Para o BNG a previsión de gastos e ingresos do Concello debe elaborarse incluso antes de empezar o ano. **¿Qué medo ten o Partido Popular a falar das contas co resto da corporación municipal?**

Consideramos que chegou o momento en que tódolos grupos deben definirse e demostrar se realmente queren ou non facer unha xestión do Concello clara e transparente; unha xestión onde tódolos veciños poidan saber con que recursos conta Ribadumia e en que se vai a gastar o diñeiro que todos pagamos cos nosos impostos.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego, antes de presentar á corporación un documento de orzamento pechado, deberían terse en conta, como mínimo, as seguintes cuestións:

• **POLIGONO INDUSTRIAL:** Segue sendo un misterio (*Cantidades invertidas, diñeiro recadado pola venda de parcelas, situación actual, ect.*)

• **DEUDA DO CONCELLO:** Información sobre a situación económica do Concello a día de hoxe: créditos solicitados a bancos, anticipos a conta das administracións, facturas impagadas de anos anteriores e explicación sobre as reclamacións xudiciais que ten o Concello.



Ramón Mourino, portavoz do BNG

• **INVERSIÓN:** Consensuar as partidas para recoller no orzamento municipal as inversións acordadas pola corporación municipal.

• **PERSONAL:** Establecer o sistema e condicións de contratación para o personal que, por oferta pública, contrate o Concello de Ribadumia ao longo do ano.

• **CONTRATAÇÃO DE OBRAS E SERVIZOS:** Figurarán claramente os criterios que rexerán para a contratación de obras e servizos por concurso público.

• **PRIVATIZACIÓNS DE SERVIZOS:** Revisar aquelas privatizacións realizadas de xeito irregular e que son lesivas para as arcas do Concello. (*Servizo de Limpeza de Edifícios Públicos, polo cal lle imos pagar a CELTA-PRIX 102.000 euros -17 millóns de pesetas-*).

• **AXUSTES ECONÓMICOS:** Realizar un plan de axuste e seguimento das partidas de gastos correntes, para frear o posible "despilfarro" de diñeiro do Concello.